



CAMPIONATO GALEGO DE REMUDAS 2016



DATA: 3 de decembro de 2016

ORGANIZA: FEGADO - APA LICEO

LUGAR: Cidade Vella - Peixería (A Coruña)

PROBA:

Trátase do campionato galego. Desenvolverase na modalidade de remudas, con distancia sprint. A saída será en masa (todos os participantes das primeiras postas á vez), pero de maneira graduada (por categorías). Os equipos estarán formados por 3 corredores e serán mixtos. Este é o último evento da temporada; queremos que sexa unha festa da orientación e cantos máis participantes mellor, polo que todo equipo de remudas é benvido, mixto ou non. Só hai que ter en conta que na clasificación final aparecerán primeiro os equipos mixtos.

MAPA:

A Coruña – Cidade Vella

Nº de rexistro FEDO: C-869-06

Data de creación: 2006

Características: escala 1:4.000; equidistancia: 2m; normativa ISSOM

Ampliado e actualizado en 2016. Mapa orixinal nunca usado en eventos

PROGRAMA:

9:15 – Entrega de dorsais e pinzas de aluguer

10:15 – INFANTIL, XUVENIL, VETERANS A, VETERANS B á saída; limpeza de pinzas

10:30 – Saída INFANTIL, XUVENIL, VETERANS A, VETERANS B

11:45 – Participantes SENIOR á saída; limpeza de pinzas

12:00 – Saída SENIOR

13:30 - Entrega de trofeos

CLASIFICACIÓN

En cada categoría, clasificaranse primeiro os equipos que completaran o percorrido na orde establecida no menor tempo.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

SISTEMA DE CRONOMETRAXE

Sportident, uso de tarxeta electrónica. Quen non dispoña de tarxeta electrónica (pinza sportident) terá que alugala (basta con deixar a casíña correspondente de formulario valeira e a organización asignará unha pinza de oficio)

CATEGORÍAS:

Por percorridos, as categorías habituais da liga galega están agrupadas da seguinte maneira:

INFANTIL → M-12, F-12, M-14, F-14

XUVENIL → M-16, F-16, M-18, F-18

SENIOR → M-21A, F-21A, M-21B, F-21B, ÉLITE, F ÉLITE

VETERANS A → F-35, M-35

VETERANS B → F-45, M-45, F-55, M-55

Os participantes dunha categoría inferior pódense integrar en equipos dunha categoría superior. Por exemplo, participantes de F/M-12 poden participar na categoría XUVENIL. Outro exemplo sería que un participante de F/M-45 pode participar nun equipo de VETERANS A ou SENIOR.

Para optar ao Campionato Galego:

Os equipos terán que estar formados integramente por orientadores do mesmo club

Todos os membros dun equipo teñen que dispoñer de licenza de temporada

DESCRIPCIÓN DO TERREO:

Trátase dun terreo completamente urbano que inclúe algún pequeno parque. Desnivel reducido. No entorno da cidade vella atópase o desnivel máis acusado e unha rede de rúas máis estreitas. Tamén hai unha zona totalmente chá e de rúas un pouco máis anchas.

DESCRIPCIÓN DOS PERCORRIDOS:

Estance a probar os percorridos en condicións reais de competición (día da semana e hora)

O tráfico é mínimo, incluso inexistente na cidade vella. Nótase máis afluencia de peóns na zona centro a partir do mediodía. Aínda que estaremos en competición, haberá que respectar escrupulosamente aos peóns, cruzar unicamente polos pasos habilitados e respectar as normas de circulación en todo momento.

A descrición dos controis dos percorridos estará impresa no mapa, pero non se dará en papel. Haberá que prestar atención á ubicación exacta dos controis para non cometer erros na realización dos percorridos.

Suxerimos utilizar calzado de asfalto. Se chove pode haber zonas esvaradizas.

O mapa está feito segundo a normativa sprint (ISSOM) e os percorridos seguirán esa normativa. Polo atento, especial atención ao significado de prohibición dos símbolos como muros, valados e vexetacións infranqueables.

SAIDAS:

A saída, remudas e meta realizaranse na praza de María Pita.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

A saída será en masa para as primeiras postas ás 10:30 e 12:00 segundo a categoría de participación (ver sección “programa”). Os participantes, despois de limpar e comprobar as súas pinzas electrónicas nos minutos previos á saída, collerán o mapa do seu percorrido no mesmo momento de dar a saída.

INSCRICIONS:

Realizaranse mediante formulario que estará dispoñible na páxina web do evento.

A inscrición estará canalizada exclusivamente a través dos clubs. Os participantes que desexen competir e non formen parte dun club terán que poñerse en contacto con algún dos clubs da FEGADO para ser incluídos no formulario de inscrición.

Data límite: martes 29 de novembro, 22 h

Prezos por persoa: (+3 € de sportident, se precisar aluguer de pinza)

Federados: 5 €

Non federados: (inclúe licenza-seguro federativa de 1 día): 7 €

O pagamento das inscricións + aluguer de pinzas sportident realizarase mediante un ingreso na seguinte conta bancaria:

ES34 0238 8127 4606 0009 2282 (Banco Pastor)

Concepto: ORI LICEO REMUDAS + nome do club

Enviar o xustificante de ingreso e formulario de inscrición aos seguintes e-mail: oriliceo@gmail.com e jarufe.geo@yahoo.com

É fundamental que os formularios de inscrición se envíen antes da finalización do prazo. Se o pago se realiza a posteriori, por favor, indicade claramente a quen se refire cada pago.

APARCAMENTO, ENTREGA DE TROFEOS:

Non hai zona de aparcamento reservada, senón que haberá que aparcar nas proximidades da cidade vella. Existen varios parkings subterráneos, como os da propia praza de María Pita, Parrote ou dos Cantóns. Tamén hai prazas de aparcamento en superficie nas zonas do paseo marítimo e maestranza.

Atención: este ano fixéronse cambios na circulación de vehículos no entorno da dársena e cidade vella, permitindo soamente a circulación do transporte público en Av. Montoto e Paseo da Dársena.

COMO CHEGAR

Para chegar pódese entrar na cidade pola Avenida de Alfonso Molina. Na praza de Ourense habería que tomar á dereita pola Avenida do Porto (anteriormente, Avenida do Alférez Provisional) para coller o túnel do Parrote (para chegar ata os parkings subterráneos da Praza de María Pita, do Parrote e tamén para chegar ata o Paseo Marítimo onde están as prazas de aparcamento de superficie. As coordenadas UTM da zona de saída son: zona 29T, 548950, 4802200.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte